



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 76/142

Asunto: Resolución alegación ao orzamento do ano 2023.

Data: 28 de decembro de 2022



Documentación que se adxunta: copia da certificación do acordo plenario.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 18 de novembro 2022, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local, o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo e o anexo orzamentario das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2023.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estivo a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención – Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte á inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 222 do día 21 de novembro, comezando a súa exposición o día 22, e rematando o prazo da mesma o 14 de decembro de 2022.

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta e incorporada ao expediente electrónico emitida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados que regula os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, 12 alegacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2023.

O Pleno do Concello en sesión ordinaria do 23 dedecembro, aprobou con carácter definitivo os orzamentos xerais para o ano 2023, publicándose no Boletín Oficial da Provincia nº 247 do día 28 de decembro.

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 40 da LPAC, procederáse á notificación aos interesados das resolucións e actos administrativos que afecten os seus dereitos e intereses.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/01/2023 08:33	Páxina 1 de 2
76-142	CSV: A9A4B6-EDBF48-8EEFE9-U21TWA-18VCR3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente: 76/142

Presentada reclamación ao Orzamento, o Pleno da Corporación na sesión antes referenciada, pronunciouse sobre a forma e fondo do asunto, resolvendo de acordo ao contido da certificación que se lle achega, contendo a mesma o texto íntegro da Resolución.

Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición.

O acordo de aprobación definitiva do Orzamento adoptado polo Pleno na sesión do día 23 de decembro de 2022, pon fin á vía administrativa, e contra o mesmo pode interperse recurso contencioso - administrativo

En aplicación do previsto no apartado 3 do artigo 171 do TRLRFL, a interposición de recursos non suspenderá por sí só a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola corporación.

O artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, establece que o prazo para interpor o recurso contencioso administrativo será de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. O prazo para interpor o recurso contencioso-administrativo en relación ao acordo do Pleno da Corporación, contarase dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa.

O recurso interporase ante os Xulgados do Contencioso administrativo de Vigo, sita na Cidade da Xustiza de Vigo, rúa Padre Feijóo nº1-planta 17, 36204 Vigo

A notificación ademais de facerse ao domicilio que figura na reclamación, incorpórase á sede electrónica do Concello de Vigo, manténdose a mesma durante o prazo de 10 días.

Para aquelas reclamacións que deran a coñecer o seu correo electrónico, farase a notificación a través deste medio.

En Vigo á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro - Director Superior Contable e Orzamentario: Luís García Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/01/2023 08:33	Páxina 2 de 2
76-142	CSV: A9A4B6-EDBF48-8EEFE9-U21TWA-18VCR3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		